

# FICHA DE INSCRICIÓN

newwave  
escola de linguas

## DATOS PERSOAIS: cubrir todos os campos

nome e apelidos alumno: \_\_\_\_\_ data nac.: \_\_\_\_\_

dni: \_\_\_\_\_ pai/nai/titor (só nenos): \_\_\_\_\_

dni pai/nai/titor \_\_\_\_\_ email: \_\_\_\_\_

endereço: \_\_\_\_\_ teléfonos: \_\_\_\_\_

de que nos coñeces:  folletos  Google  redes  amigos  Correos  prensa  rúa  outros

Foto  
Obrigatoria  
(pode ser  
unha imaxe  
dixital)

## DATOS DA CLASE: NON cubrir sen consultar en secretaría

data de alta: \_\_\_\_\_ tipo de clase: \_\_\_\_\_ horario: \_\_\_\_\_

tipo de pago:  único  mes  trimestre medio de pago:  transfer.  domiciliación  efectivo

### INFORMACIÓN MATRÍCULA CURSO 24'-25'

O prazo exclusivo de matrícula para antigos alumnos vai do 15 de maio ao 7 de xuño. O alumnado novo inscribirase a partir do 10 de xuño, nas prazas que queden libres. Para formalizar a INSCRICIÓN tes que seguir estes 3 pasos:

1. Cubre esta ficha.
2. Entrégaa en secretaría, seleccionando o tipo de clase, grupo e horario.
3. Paga a taxa de matrícula, para reservar praza. No caso de cambio de tipo de clase, grupo ou horario, deberá aboarse unha nova matrícula.



DECLARO QUE LIN E ACEPTO AS CONDICIONES SEGUINTE

SINATURA \_\_\_\_\_

#### 1. CONDICIONES Clases grupais

1.1. **Duración e horarios das sesións:** As clases distribúense en sesións dunha hora ou hora e media, pero os últimos e os primeiros minutos de cada sesión serán empregados para a entrada e saída do alumnado e acondicionamento da aula. b) A dirección da academia resérvese o dereito de modificar os horarios das clases, previa información puntual ao alumnado.

1.2. **Altas e baixas:** a) A inscrición nun grupo e horario faise efectiva mediante a entrega desta ficha e o xustificante de pago da matrícula, quedando así reservada a praza. A taxa de matrícula vai ligada ao curso e horario concreto no que se inscriba, non sendo reembolsable en caso de non poder asistir, con independencia do motivo alegado. b) A baixa dun curso deberá ser notificada por escrito cun mínimo de 10 días de antelación, no caso contrario deberá aboar a mensualidade seguinte.

1.3. **Pagamento:** O pagamento das mensualidades e as cotas trimestrais efectuarase no prazo dos primeiros 10 días de cada mes, en efectivo, por domiciliación ou por transferencia bancaria. A dirección resérvese o dereito de anular a matrícula do alumno que non cumpra os prazos.

1.4. **Descontos:** a) Os familiares de 1º grao, pais e fillos que asistan a clases grupais, teñen un desconto do 20% sobre a tarifa mensual de menor importe e as sucesivas. É dicir, só un alumno paga o importe íntegro da mensualidade, a de maior contía, e no resto de membros da familia aplicárase dito desconto. b) Os alumnos que cursen 2 ou máis idiomas en clases grupais, beneficiaranse dun desconto do 10% no 2º idioma e nos sucesivos, os de menor importe. c) Os descontos non son acumulables. d) Os descontos non son aplicables no caso de clases individuais.

1.5. **Faltas de asistencia:** A ausencia ás clases por parte do alumnado non eximirá do pagamento da mensualidade completa, con independencia do motivo alegado. Só hai posibilidade de recuperar as clases perdidas no caso de haber outro grupo do mesmo nivel.

1.6. **Cambios e cancelacións de clases:** a) No caso de suspensión dalgúnha clase por causa da academia, proporase unha data e unha hora alternativa. En caso de que a recuperación non sexa posible, o importe será reembolsado. b) As clases que coincidan en días festivos nacionais e locais non se recuperarán nin se reembolsarán. c) A academia resérvese o dereito de concluir os cursos cando o considere oportuno.

#### 2. CONDICIONES Clases privadas.

2.1. **Modalidades:** A modalidade de clases individuais estándar está pensada para persoas que necesiten total flexibilidade horaria. Isto significa que será posible concertar a hora co profesor cun mínimo de antelación e tamén se permitirá a cancelación ou cambio da hora de clase en calquera momento. Polo tanto, só se contabilizarán as clases impartidas. Por outro lado, existe a modalidade de bonos: as sesións deberán ser concertadas co profesor (día e hora) cunha antelación mínima de 15 días. As clases da primeira quincena de cada mes (do 1 ao 15) deberán quedar fixadas o mes anterior; as da segunda quincena (do 16 ao 31) deberán quedar fixadas antes de que remate a primeira quincena. Esas clases serán contabilizadas e a ausencia ás mesmas non eximirá do seu cómputo, con independencia do motivo da falta. Non obstante, o alumno conta con dous "comodíns" que lle permitirán ausentarse sen custo a 2 clases por bono, sempre e cando se notifique a ausencia cun mínimo de 12 horas de antelación. O alumno poderá engadir horas a maiores das fixadas en función da dispoñibilidade do profesor. Non se poderá garantir a dispoñibilidade do profesor para ningunha hora que non estea fixada segundo a norma antes explicada. A adquisición dos bonos implica a aceptación de ditas normas.

2.2. **Pagamento:** O pagamento das clases individuais farase a final de mes, aboando as clases impartidas nese período. O importe total do bono debe ser pagado antes de comezar a formación.

# INFORMACIÓN IMPORTANTE

CÚBRASE UNHA FICHA POR CADA ALUMNO/A

ALUMNO/A \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

## AUTORIZACIÓN DE RECOLLIDA (SÓ PARA ALUMNOS MENORES)

Por seguridade á saída da clase, os nenos e nenas de 10 anos ou menos deberán ser recollidos na porta do centro por persoas autorizadas, sen excepción. Precisamos que indiques a continuación o nome e DNI da persoa ou persoas autorizadas para a recollida. Se nalgún caso concreto fose necesario o cobro por outra persoa, deberá comunicarse por escrito con suficiente antelación. En caso contrario, o menor quedará baixo a custodia da secretaría, no interior do centro.

Nome\_\_\_\_\_ Relación co alumno/a\_\_\_\_\_ DNI\_\_\_\_\_

Nome\_\_\_\_\_ Relación co alumno/a\_\_\_\_\_ DNI\_\_\_\_\_

## AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

(SÓ PARA ALUMNOS MENORES)

Marque esta caixa se NON autoriza a realizar actividades no exterior.

Neste caso, é posible que se lle asigne unha actividade alternativa allea ao desenvolvemento da programación do curso no que estea matriculado.

## TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS (OBLIGATORIO PARA TODO O ALUMNADO)

José Luis Peña García é o responsable do tratamento dos datos persoais do Interesado e infórmalle que estes datos serán tratados de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 (GDPR)., para o que se lle proporciona a seguinte información de tratamiento:

Fin do tratamiento: prestación de servizos de formación e mantemento do expediente académico do Interesado.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse mentres exista interese mutuo para manter a finalidade do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse coas medidas de seguridade adecuadas para garantir a pseudónimo dos datos ou a destrución total dos datos.

Comunicación dos datos: os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal.

Captación de imaxes: Durante as actividades programadas pola entidade realizaranse fotografías que poderán publicarse nas redes sociais. Se NON autoriza a publicación das ditas imaxes, marque a seguinte caixa.

Dereitos que asisten ao Interesado:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e a limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control (agpd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

José Luis Peña García.

R/ CAMIÑO CANEIRO, 14 BX 32004 OURENSE (OURENSE).

info@newwavelinguas.com

Para levar a cabo o tratamento de datos descrito, o Responsable necesita o seu consentimento explícito ou o do seu representante legal.

O Interesado dá o seu consentimento para o tratamento dos seus datos nos termos establecidos:

Nome \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

Representante legal de \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

OURENSE, en data \_\_\_\_\_ Sinatura: